Rubén Moledo Costa	PT
M ^a Carmen Villameá Hernández	Matemáticas
Mónica García Cochón FOL	Familia profesional
Lucía Durán Paredes	LG
Paula Tobío Chapela	Xefa de Orientación centro adscrito A Pedra

17.2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO.

NEAE	ESO	BACHARELATO	ADULTOS	FPB	CM /CS
TEA	2	1			3
DISCAPACIDADE INTELLECTUAL, VISUAL OU MOTORA	5	1		4	1

PLURIDEFICIENCIAS	2				2
AACC	2				
DEA	6	2	1	2	3
DIFICULTADES DE APRENDIZAXE XENERALIZADAS	18	4		3	2
VULNERABILIDADE EDUCATIVA	4			8	2
HISTORIA ESCOLAR	6	5		9	6
TDAH	15	6	3	4	10
ITSE	2				1
OUTROS	3			3	

17.3. PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO

- **EXENCIÓN DE 2ª LINGUA ESTRANXEIRA:** Este curso concedéuselle a exención da 2ª LE (francés ou portugués) a 9 alumnos/as en 1ºESO e a 9 alumno/a en 2º ESO co obxectivo de cursar un programa de reforzo nas materias instrumentais.
- **EXENCIÓN DE GALEGO:** un total de 4 alumnos están exentos de lingua galega.
- **AGRUPAMENTOS FLEXIBLES:** Organízanse agrupamentos flexibles en 2º da ESO. Os agrupamentos realízanse nas materias de Lingua Galega, Matemáticas e Lingua Castelá, cun total de 7 alumnos.

- **DESDOBRE:** Como reforzo en 3º da ESO, 12 alumnos asisten a desdobre.
- **APOIO DO PT:** O mestre de PT prestará apoio principalmente dentro da aula ordinaria en 1º, 2º, 3º e 4º de ESO, así como nas FP Básicas.
- **ADAPTACIÓNS CURRICULARES:** Un total de 3 alumnos e alumnas (1 en 1ºESO e 2 en 3ºESO) están propostos para adaptación curricular.
- **FLEXIBILIZACIÓN:** Non hai contempladas flexibilizacións no momento actual.
- **REFORZO EDUCATIVO:** Un total de 38 rapaces e rapazas reciben no 25-26 reforzo educativo por parte do profesorado que imparte a materia.
- **PROA+:** Unha profesora PROA+ a tempo completo con perfil de física e química, acompaña ao alumnado da ESO. Reforza competencias STEM e atende ao alumnado que precisa apoio nas materias científicas.

17.4. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO DO DOCUMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E CALENDARIO DE REUNIÓN MENSUAIS DE SEGUIMIENTO DE ALUMNADO

As reunións do Departamento de Orientación estableceranse con periodicidade mensual, do mesmo xeito que as reunións coas persoas titoras. Estas desenvolveranse por niveis educativos, co obxectivo de realizar un seguimento sistemático da evolución académica do alumnado, detectar posibles necesidades que poidan xurdir ao longo do curso escolar e coordinar a planificación de actividades conxuntas que favorezan o desenvolvemento integral do estudantado.

Así mesmo, convocaranse todas aquelas reunións extraordinarias que resulten necesarias para dar resposta a situacións imprevistas ou que requiran unha intervención inmediata por parte do equipo de orientación e as titorías.

18. CONCRECIÓN PLAN DE CONVIVENCIA

- Constitución do equipo: SETEMBRO 2025

Nome Coordinador/a	Nivel/Especialidade
Leonor Gala Torres Sabín	BX
Nome equipo dinamización de convivencia	Nivel/Especialidade
Adriana Recamán Payo	Filosofía
Rubén Moledo Costa	BX
David Fernández Pampín	Filosofía
Guillermo Luis Núñez González	LG
Ana Isabel Gallardo García	Orientación

- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

Obxectivo: Dar a coñecer a persoa coordinadora ao claustro e a tódolos grupos de alumnado do centro.

Acción 1	Difusión da figura a través das titorías, tanto ás familias como ao alumnado.		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☐	3º T ☐
Indicador	A demanda que se faga da coordinadora de benestar		
Responsables	O equipo de convivencia.		
Recursos e materiais	Coordinadora de benestar e convivencia		

Obxectivo 2: Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia

Acción 1	-A formación sobre a prevención e intervención no acoso escolar. -As prácticas restaurativas. -A implementación do Plan de Igualdade e diversidade.
	Temporalización

	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	-A mellora na formación e actualización docente. -O benestar do alumnado pertencente ao colectivo LGTBIQ+. -Redución de condutas contrarias a convivencia por condutas violentas.		
Responsables	O equipo de convivencia.		
Recursos e materiais	Actividades dos distintos proxectos de convivencia		

Obxectivo 3: Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.

Acción 1	-Seguimento do clima social de cada grupo clase e das posibles relacións sociais que dificulten ou atenten contra a convivencia. -Derivaranse ao departamento de orientación e xefatura de estudos para a súa intervención e corrección, de ser o caso. -Actividades de adquisición de habilidades, sensibilización e formación da comunidade educativa, promoción do bo trato e resolución pacífica de conflitos polo persoal do centro, o alumnado e a comunidade educativa sobre a resolución pacifica de conflitos.		
	Temporalización		
	1º T ☐	2º T ☐	3º T ☐

Indicador	Mellora do clima social nas aulas
Responsables	O equipo de convivencia.
Recursos e materiais	Actividades dos distintos proxectos de convivencia

Obxectivo 4: Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.

Acción 1	- Implementación das liñas de convivencia - Elaborar e aprobar o novo plan de convivencia. - Aplicar o actual plan de convivencia.
Temporalización	

	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	- Mellora do clima social do centro e redución de faltas contrarias ás normas de convivencia do centro		
Responsables	O equipo de convivencia.		
Recursos e materiais	Plan de convivencia e documentos do centro.		

Obxectivo 5: Coordinar, xunto co departamento de orientación, formación en mediación para profesorado e alumnado.

Acción 1	-Dinámicas dirixidas a potenciar o clima social de aula e de centro, así como a cohesión grupal e a intelixencia emocional. -Promoción do bo trato e resolución pacífica de conflitos entre toda a comunidade educativa para adquirir habilidades que leven a sensibilización na escolarización.		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	- A participación do alumnado. - A mellora da competencia social.		
Responsables	O equipo de convivencia.		
Recursos e materiais	Actividades dos distintos proxectos de convivencia		

19.CONCRECIÓN PLAN DE IGUALDADE

Constitución do equipo: setembro de 2025

Nome Coordinador/a	Nivel/Especialidade
Leonor Gala Torres Sabín	BX
Nome equipo dinamización de igualdade	Nivel/Especialidade
Mª Carmen Villameá Hernández	Matemáticas
Adriana Recamán Payo	Orientación
Rubén Moledo Costa	PT
Noelia Lamosa Torres	Matemáticas

Pablo Faraldo Pereira	Soldadura
Guadalupe Lorenzo Malvar	Imaxe Persoal

Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

Obxectivo: Traballar para acadar unha igualdade real no centro			
Acción 1	Fomentar a formación do profesorado e do alumnado na igualdade e na diversidade afectivo- sexual		
	Temporalización		
	1º T ☐	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Revisión dos documentos de centro.		
Responsables	O equipo de Igualdade		
Recursos e materiais	Plan de Igualdade, lexislación actualizada		
Acción 2	Promulgar actividades para o alumnado con temáticas de igualdade e diversidade		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Realización das actuacións		
Responsables	O equipo de Igualdade		
Recursos e materiais	Actividades dos distintos proxectos de igualdade		

Para as accións a levar a cabo para cada obxectivo deberase ter en conta o seguinte:

- Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.
- Actividades que incorporen aspectos relacionados coas temáticas de igualdade e a educación afectivo – sexual, favorecendo a interiorización de condutas afectivo- sexuais saudables e igualitarias.
- Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.
- Actividades para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso.

- Actividades para promover o coñecemento das causas, consecuencias e abordaxe das violencias machistas, en especial, das violencias sexuais
- Actividades para acadar un efecto multiplicador na promoción do respecto e dos bos tratos tanto na comunidade educativa como na sociedade.

20. PLURILINGÜISMO

Non temos

20.1. SECCIÓN BILINGÜES/PLURIBACH/PLURIFP

Curso	Nº grupos	Nº alumna do total	Nº alumnado nova incorporación	Teñen autorización por escrito dos pais	Materia s	Lingua estranxeira
Seleccione	2º CS Administración e Finanzas	16	0	Sí Non	Xestión Loxística e comercial	Inglés
Seleccione				Sí Non		Inglés
Seleccione				Sí Non		Inglés
Seleccione				Sí Non		Inglés

17.1. MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DE SECCIÓN BILINGÜES

Para a avaliación do proxecto concretaremos e seleccionaremos os elementos máis relevantes para mellorar ou manter os puntos fortes e detectar os elementos mellorables.

Os indicadores serán os que se citan a continuación:

- Adecuación ás necesidades do alumnado.
- Adecuación aos obxectivos e contidos propostos.
- Suficiencia de recursos.
- Temporalización adecuada.
- Resultados académicos do alumnado.
- Valoración persoal do alumnado.
- Grao de satisfacción do alumnado e as familias.

Para a recollida desta información usaremos fundamentalmente cuestionarios que se pasarán trimestralmente e serán estudados polo equipo CLIL para ir modificando os cursos de acción cando sexa necesario.

17.2. MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA

Nome Auxiliar de conversa	Horas lectivas semanais
Megan Anderson	7 horas
Tarefas	
Asiste aos/ás docentes CLIL como apoio lingüístico na aula	Sí
Apoia aos/ás docentes CLIL na planificación das clases e na elaboración de materiais didácticos	Sí
Asiste aos/ás docentes de lingua estranxeira como apoio lingüístico na aula	Sí
Outras tarefas (especificar): clases orais a alumnado Erasmus+	Non

21. PLAN PROXECTA

- Proxecto de innovación en dinamización lingüística

Plan Proxecta	
Descrición do programa	Proxecto de innovación en dinamización lingüística
Obxectivos	- Servirse da música para achegar visións positivas da lingua e identidade galegas ao noso alumnado - Coñecer distintos estilos de música galega que desboten prexuizos sobre ela - Crear produtos alternativos aos que adoita consumir o noso alumnado

	- Aumentar o sentido de pertenza e a identidade do noso alumnado - Fomentar autoestima e o orgullo propio a través da música en galego - Entender que a fonte principal da cultura galega é a lingua, que nos da entidade e identidade propias - Coñecer a diversas profesionais do sector musical galego e aprender destes oficios - Fabricar produtos relacionados coa cultura e música galega usando novas tecnoloxías - Valorar a transmisión da oralidade na nosa cultura, entendendo que son os alicerces da música galega actual		
Cursos implicados	1º Xestión Administrativa 3º ESO		
Temporalización	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Ao inicio do proxecto se pasará unha enquisa inicial para coñecer os seguintes indicadores: - Uso da lingua no momento de iniciar o proxecto- - Coñecemento da música galega - Participación en actividades que teñan relación co proxecto - Actitude fronte ás tradicións relacionadas coa música, cultura e lingua galega. Ao finalizar o proxecto, pasarase a mesma enquisa, entendendo que tivo éxito se se observa un incremento de polo menos un 25% en cada un dos indicadores, que están vinculados aos distintos obxectivos do proxecto. Tamén se valorará o impacto que ten o proxecto na mellora do uso da lingua a nivel centro, polo que se pasará unha enquisa ao profesorado que participou no proxecto ou estivo involucrado en maior ou menor medida, na que se terán en conta os seguintes indicadores:		

	- O proxecto mellora o coñecemento do patrimonio musical galego do alumnado - O proxecto contribúe ao aumento no uso da lingua, favorecendo á competencia lingüística - O proxecto axuda a desbotar prexuizos da nosa lingua
Responsables	Leonor Gala Torres Sabín
Actividades	O produto principal será un Podcast con 6 episodios, nos que haberá tres partes diferenciadas: unha primeira máis teórica, na que se falará (facendo unha liña cronolóxica) das nosas tradicións vinculadas á música (a historia dos traxes tradicionais, os seráns e os seus costumes, os instrumentos a través da historia, a evolución e transmisión dos bailes....); a segunda parte de cada episodio será unha entrevista a varias artistas e profesionais da música (virá Mondra, que falará da tradición e innovación na música, tamén unha Xestora Cultural que ten unha Produtora de música galega, unha pandeireiteira de Compostela, dúas etnógrafas que teñen un proxecto xa galardonado como é "Arredor da Tradición", un deseñador de traxes tradicionais....); unha terceira parte no que se promocionaran músicas emerxentes galegas, grupos de proximidade, etc. A idea é que o alumnado sexa o máis autónomo posible, e sempre guiado polo profesorado responsable sexa o que organice a escaleta dos podcast, prepare as entrevistas e organize todo o traballo técnico arredor da gravación. Paralelo a este podcast, haberá actividades ao longo do curso, como obradoiros de baile tradicional e diversos instrumentos, e a fabricación de xoiaría con impresoras 3D e cortadoras láser, equipamentos que xa temos no centro grazas ao Proxecto de Polos Creativos. Os produtos xerados nesta aula de Polos Creativos vendénsense no noso Festival Artístico Solidario "Talent for change", no que todo o instituto presenta as distintas creacións que fixeron ao longo do curso, e co diñeiro recadado facemos doazóns a diversas Asociacións e ONG. A idea é que todo o alumnado do centro estea vinculado a este proxecto en menor ou maior medida. Outra das actividades que se farán ao longo do curso, para ver esta transmisión oral a través das xeracións, será

	invitar a familiares maiores (avoas, bisavoas) do alumnado para que falen das súas infancias, e de como estaban vinculadas á nosa lingua e as tradicións da súa época, e que o propio alumnado sexa consciente dos cambios tan importantes que se sucederon en poucos anos, en relacións aos costumes e á propia lingua. Ademais, crearemos unha listaxe de música galega de diferentes xéneros para poñer nos recreos, listaxe que se irá modificando con achegas do alumnado a medida que se vaian facendo descubertas de grupos e artistas
--	--

22. PROGRAMAS DE INCLUSIÓN EDUCATIVA (PIE)

22.1. PIE

Liña de actuación: especificar	
Descrición do programa	3. Mellora da convivencia 4. Promoción do benestar emocional
Obxectivos	1. Mellorar o éxito escolar identificando e dando resposta ás dificultades do alumnado en relación coa aprendizaxe. 2. Favorecer a atención educativa dos colectivos máis vulnerables para mellorar a súa formación e previr os riscos de exclusión social e fracaso escolar. 3. Lograr un clima de aula e de centro que favoreza o proceso de ensino e aprendizaxe. 4. Potenciar medidas organizativas e metodolóxicas nos centros que favorezan a evolución do alumnado. 5. Fomentar accións para promover a igualdade, a convivencia e a inclusión no ámbito educativo. 6. Desenvolver as competencias emocionais para a vida que permitan alcanzar un mellor benestar persoal e social. 7. Implicar as familias do alumnado na súa educación e nos procesos de ensino e aprendizaxe.

	8. Procurar a colaboración da administración local e doutras institucións naqueles ámbitos que favorecen a escolarización e a formación da poboación		
Cursos implicados	Todos os do centro		
Temporalización	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	02. Porcentaxe de aumento da cohesión social e educativa no centro		
Responsables	Leonor Gala Torres Sabín, Adriana Recamán Payo		
Actividades	-Charlas - Obradoiros - Actuacións en contra das violencias. - Actividades culturais		

22.2. PIE: PLAN RECUPERA

Liña de actuación: PROA+			
Descrición do programa	PROA+		
Obxectivos	Mellorar os resultados académicos do alumnado		
Cursos implicados	1º e 2º FPBásica, 1º,2, 3º ESO		
Temporalización	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	1. Porcentaxe de mellora dos resultados académicos nas áreas ou materias obxecto de reforzo respecto do curso anterior. 2. Porcentaxe de alumnado que recupera áreas ou materias obxecto de reforzo		
Responsables	Belén Chorén e profesorado aula		
Actividades	-Reforzo dentro da aula -Axuda na titorización do alumnado		

23. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

1-Plan/Proxecto: POLOS CREATIVOS			
Descrición do programa	Programa de innovación educativa continuación de Espazos Maker, que supón a adaptación dos espazos educativos ás necesidades metodolóxicas presentes.		
Obxectivos	- Contar cun espazo no que a comunidade educativa traballe de maneira colaborativa. - Fomentar a elaboración de prototipos de RA ou 3D, experimentos, investigacións ou produtos audiovisuais. - Desenvolver a competencia dixital da comunidade educativa e o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino-aprendizaxe.		
Cursos implicados	Todos os da ESO e Bacharelato		
Temporalización	1º T ☒	2º T ☐	3º T ☐
Indicador	Número de membros da Comunidade educativa implicados no programa Número de proxectos de centro para os que se elaboraron produtos no Polo creativo		

Responsables	José Luís Martínez Lorenzo Félix Del Moral Vila Lucía Durán Paredes Trinidad González Dopazo Nuria Patiño Vieites Eva M^a Pazos Malvido Raquel Gey Piñeiro (coordinadora) María Noelia Lamosa Torres Leonor Gala Torres Sabín
Actividades	• Elaboración de produtos para as exposicións, concursos e obradoiros • Elaboración de cartelería de diferentes espazos do centro en Braille en 3D • RECRE-activos. Espazos de creación que se levarán a cabo durante os periodos de lecer, mentorizados por calquera membro da comunidade educativa. • Talentos Ocultos. Unha vez por trimestre realizaranse obradoiros nos que o alumnado de diferentes idades se agrupará por intereses comúns co obxectivo de elaborar en equipo, un produto relevante. • Actividades para a mellora da alfabetización da información e a competencia dixital. • Elaboración de podcast nas diferentes materias. • Difusión do proxecto Art for Change, elaborando produtos para a exposición e venda no Festival solidario.

2-Plan/Proxecto: <u>PRÁCTICUM</u>			
Descrición do programa	Participación na convocatoria para acreditar centros e persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao curso de especialización en formación pedagóxica e didáctica do profesorado		
Obxectivos	Correcto desenvolvemento do prácticum		
Cursos implicados			
Temporalización	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicadores	Número de voluntarios como titoras Número de alumnos do prácticum Número de procesos correctamente desenvolvidos		
Responsables	Xefatura de estudos		

4-Plan/Proxecto: <u>PROGRAMAS INTERNACIONAIS:</u>	
Descrición do programa	- Proxectos para mobilidades de alumnado e docentes de educación superior (ciclos superior) - Proxectos para mobilidades de alumnado e docentes de formación profesional (ciclos básicos e medios) - Proxectos para mobilidades de alumnado e docentes de educación escolar (ESO e Bacharelato)
Obxectivos	- Favorecer a inclusión e a diversidade - Internacionalización do centro - Mellora das competencias lingüísticas - Mellora das competencias dixitais - Potenciar o traballo colaborativo e multidisciplinar - Desenvolver a creatividade e o pensamento crítico
Cursos implicados	- 2º CS Administración e Finanzas - 2º CS Construcións Metálicas - 2º CM Xestión Administrativa - 2º CM Soldadura e Caldeiraría - 2º CM Peiteado e Cosmética Capilar - 2º CM Estética e Beleza

	- 2º FPB Fabricación e Montaxe - 2º FPB Peiteado e Estética - 2º FPB Actividades Marítimo-Pesqueiras - 4º ESO - 1º BACHARELATO		
Temporalización	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Número de mobilidades realizadas durante o curso Número de participantes en cada mobilidade		
Responsables	Rafael Baquero (Coordinador FP) Raquel Gey (Coordinadora Educación Escolar) Cristina Galiñanes Bello Lucía Estévez Villanueva Trinidad González Dopazo Manuel Franco Quintáns María Teresa Sancho González		
Actividades	- Mobilidades para prácticas en empresas do estranxeiro para alumnado de ciclos básicos, medios e superiores. - Mobilidades para docentes de ditos ciclos para realizar cursos de formación e/ou períodos de observación noutros centros docentes ou en empresas. - Mobilidades para alumnado e docentes de ESO e Bacharelato, nas que se exporán, cos centros socios dos outros países participantes, os traballos realizados sobre o tema do proxecto. - Clases de idiomas (inglés, portugués, francés e italiano), segundo as necesidades do alumnado e destinos das mobilidades. - Participación nas xornadas de portas abertas para a promoción das ensinanzas do centro.		

5-Plan/Proxecto: TALENT FOR CHANGE

Descrición do programa	Festival Artístico Solidario		
Obxectivos	Concienciar e propoñer solucións sobre diferentes problemas sociais mediante a participación en proxectos artísticos. Este curso traballárase arredor do benestar adolescente, infantil e do profesorado.		
Cursos implicados	Todo o centro		
Temporalización	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Número de participantes de toda a comunidade educativa Número de proxectos e actividades levadas a cabo Importe recaudado para as ONGs elixidas Número de centros educativos participantes		
Responsables	Noelia Lamosa Torres Raquel Gey Piñeiro		
Actividades	Coordinación e elaboración de proxectos e actividades para o Festival Difusión do proxecto		

6-Plan/Proxecto: <u>AULA DE CAPACITACIÓN DIXITAL</u>			
Descrición do programa	Aula de capacitación dixital da Rede Galega de Educación Dixital na Comunidade Autónoma de Galicia.		
Obxectivos	Establecer os medios para que toda a poboación adquira aquelas capacidades dixitais que lles permitan interactuar como usuarios independentes con entidades financeiras, administracións, organismos e outras entidades, así como abrir oportunidades para complementar nos sistemas educativo e formativo ditas capacidades como instrumento ordinario de traballo.		
Cursos implicados	Ningún. Está enfocado a persoas maiores de 55 anos con baixo nivel de cualificación, atendendo especialmente á fenda de xénero, á poboación vulnerable e ás zonas rurais.		
Temporalización	1º T ☒	2º T ☐	3º T ☐
Indicador	Número de participantes. Número de cursos.		
Responsables	Félix del Moral Vila.		
Actividades	Curso de 30 horas.		

24. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

- Protocolo para a solicitude.

Solicitude mediante rexistro de entrada.

- Horarios dispoñibles.

En horario de tarde

- Solicitudes xa cursadas.

Instalación: Ximnasio			
Entidade que a usa	Club Taetwondo		
Participan membros da comunidade educativa	☒ Alumnos	☐ Pais	☐ PAS
Horario de uso	Luns, martes, xoves e venres: 17:30 h a 19:30 h Mercores: 17:30 h a 19:15 h		

25. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

Para a avaliación do funcionamento do centro establécense tres áreas de estudo:

- Resultados académicos: Ao final de cada avaliación recóllense os datos precisos para elaborar un informe no que se reflectan os indicadores recollidos nas seguintes táboas.

Obxectivo: Analizar os resultados académicos do alumnado do centro.			
Acción 1	Elaboración de táboas onde apareza a porcentaxe de aprobados para cada materia impartida no centro, agrupando os resultados por grupo, nivel, ensinanza e departamento.		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Porcentaxe de aprobados para cada materia		

Responsables	Xefatura de estudos		
Recursos e materiais	Programas Xade e Xandra		
Acción 2	Elaboración de táboas onde apareza a nota media do alumnado e a súa desviación estándar para cada materia impartida no centro, agrupando os resultados por grupo, nivel, ensinanza e departamento.		
	Temporalización		
	1º T ☐	2º T ☐	3º T ☐
Indicador	Nota media e desviación estándar para cada materia		
Responsables	Xefatura de estudos		
Recursos e materiais	Programas Xade e Xandra		

En consonancia co Decreto Lexislativo 2/2015, farase especial fincapé na abordaxe dun estudo con perspectiva de xénero, polo que, ademais de facer un estudo global, os datos se desagregarán por xénero e se levará a cabo unha análise da significación estatística, baseado na proba de t-Student, das diferenzas entre mulleres e homes.

Do mesmo xeito, na Acción 1 tamén se incluírán os datos correspondentes a número de aprobados e número total de matriculados, cos que se fará o cálculo da significación estatística (ou incertidume) dos resultados para as porcentaxes.

Por riba, tamén na Acción 1 e fundamente, pero non unicamente no contexto da ensinanza para adultos e os ciclos formativos, farase un intento por distinguir entre aquel alumnado que abandona a materia ao longo do curso daquel que continúa pero non acada o aprobado.

- **Práctica docente:** Como complemento ao estudo elaborado no punto anterior, ao final de curso todo o profesorado cubrirá as enquisas de avaliación da práctica docente. Os resultados destas enquisas, xunto cos informes do punto anterior que serán transmitidos aos departamentos a través da súa participación na CCP, serán analizados no seo de cada departamento e cristalizarán en propostas de mellora para o curso seguinte. Estas propostas incluíranse na memoria final de cada departamento.

Obxectivo: Analizar a práctica docente.

Acción 1	Supervisión da elaboración, por parte de todo o profesorado, das enquisas de avaliación da práctica docente.		
	Temporalización		
	1º T ☐	2º T ☐	3º T ☒
Indicador	Todo o profesorado cubre as enquisas		
Responsables	Xefatura de estudos		
Recursos e materiais	Enquisas		
Acción 2	Supervisión de que como resultado da análise da práctica docente se inclúe, dentro da memoria final de cada departamento, as propostas de mellora se son necesarias.		
	Temporalización		
	1º T ☐	2º T ☐	3º T ☒
Indicador	Todos os departamentos analizan os resultados das enquisas		
Responsables	Xefatura de estudos		
Recursos e materiais	Memorias finais de departamento		

- **Relacións coa comunidade educativa:** Tratarase de analizar o clima de convivencia no centro a través da recompilación ao final de curso de todas as queixas rexistradas interpostas polas familias, alumnado e profesorado. Estudarase tamén a evolución no número de faltas interpostas polo profesorado ao alumnado durante o curso con respecto ao anterior. Como resultado, se é necesario, incluíranse propostas de mellora na memoria final do curso.

Obxectivo: Analizar as relacións coa comunidade educativa.			
Acción 1	Recompilación das queixas rexistradas interpostas polas familias, alumnado e profesorado.		
	Temporalización		
	1º T ☐	2º T ☐	3º T ☒
Indicador	Número de queixas e valoración da súa gravidade		
Responsables	Xefatura de estudos		
Recursos e materiais	Rexistro da secretaría		

Acción 2	Recompilación das faltas interpostas polo profesorado ao alumnado durante o curso presente e comparación cos datos do curso anterior.		
	Temporalización		
	1º T ☐	2º T ☐	3º T ☒
Indicador	Número de faltas		
Responsables	Xefatura de estudos		
Recursos e materiais	Xade		